



**Título:** Abellas na escola

**Duración:** 90 minutos aproximadamente

**Dirixido a:** alumnado de 2º Ciclo de Educación Infantil y Educación Primaria.

**Recursos:** Proxección de imaxes e de vídeos, colmea de observación con abellas vivas, colmea fotográfica, carteis, extractor de mel, cazapole, apeiros de apicultura, flores artificiais...

*Os contidos, as actividades, os obxectivos e as metodoloxías varían en función do programa que se aplique. Existen tres programa tipo dirixidos aos seguintes niveis académicos: un para o 2º Ciclo de Infantil, outro para 1º, 2º e 3º de Primaria e outro para 4º, 5º e 6º de Primaria.*

*A continuación, para que sirva de referencia, expónse o programa deseñado para 1º, 2º e 3º de Primaria.*

**Metodoloxía:** Poremos en práctica unha metodoloxía activa-participativa de aprendizaxe por descubrimento que permita aos propios alumnos ser axentes directos do proceso de ensino-aprendizaxe e non, simplemente, meros receptores de contidos. As nenas e os nenos poderán tocar, degustar, ulir e participar activamente nas distintas actividades.

**Obxectivos xerais:**

- Ampliar os seus coñecementos sobre a vida das abellas e a súa relación con nós
- Espertar o seu interese polas abellas
- Descubrir a importancia que as abellas teñen para os seres humanos
- Vivir unha experiencia distinta e divertida na aula

**Desenvolvemento :**

**Introdución.** A introdución divídese en dúas actuacións; na primeira escenifícase un conto interactivo, e na segunda facemos unha pequena introdución á vida das abellas obreiras.

**A vida das abellas.** Neste apartado, co obxectivo de coñecer a vida das abellas e cos recursos que achegamos, trátanse os seguintes contidos: a colmea, a raíña, os abázcáros, as obreiras, o apiario, a reprodución e o enxameamento. Os participantes van ver como é unha colmea e o emprego que lle dan as abellas, aprenderán sobre os seus habitantes, van visitar o apiario mediante unha proxección, coñecerán os distintos apeiros de apicultura, van ver traballar á abella raíña nunha colmea de observación, e repasaremos o proceso de enxameado.

**Produtos que nos dan as abellas.** Aprenderemos sobre como recollen o pole as abellas e para que o utilizan. Repasaremos todo o procesado do mel, dende que as abellas extraen o néctar das flores ata que o envasamos; utilizando unha proxección e un extractor de mel real farase en vivo unha extracción simulada de mel. Revisarase todo o procesado da cera e, para rematar, faremos unha candeia.

Degustarán o pole e o mel.

**A importancia das abellas.** Co obxectivo específico de amosar o importantes que son as abellas para nós e utilizando os recursos dos que dispoñemos, faremos unha gráfica e sinxela exposición sobre a reprodución das plantas con flor, logo veremos a súa relevancia no medio e na nosa alimentación.

**Conclusións.** Será o momento para coñecer como o pasaron e que aprenderon.

### **Grupos e prezos**

Ao ser unha actividade na que o alumnado interactúa a duración e prezo variará en función do número de participantes. No suposto de que se queiran manter grupos de convivencia estable de poucos participantes habería a posibilidade de facer dúas actividades, cada unha con un grupo diferente, consecutivas durante unha xornada.

**O tempo de duración é aproximado.**

**Esta actividade pode levarse a cabo na aula, no ximnasio, no comedor...**

**Información e reservas no teléfono 678 633 992**

[abellasnaescola@gmail.com](mailto:abellasnaescola@gmail.com)